

A MARIÑA

[Volver](#)

A PIE DE CALLE

«Agora utilízase moito o teatro e música para tratar temas sociais»

felipe díaz «caxoto» Socio-directivo da empresa Dinamo Xestión de Actividades

Y. García | 20/3/2008

Felipe Díaz (Cervo, 1979) é un dos socios que leva adiante a firma Dinamo Xestión de Actividades, centrada no sector de ocio e tempo libre e que ten organizado actividades na Mariña. Tralos estudos de maxisterio, explica, sentiu atracción polo



ámbito da educación non formal, polas actividades fóra da aula, pola «cercanía máis directa, un traballo directo cos rapaces. Están mais relaxados e máis abertos aos que lles teñas que ofrecer. Con que lle poñas gañas e novidade disfrutan as actividades máis, xa non hai un pupitre que te separa».

-Canta xente «move» Dinamo.

-Vai por épocas do ano. Somos uns 15 durante todo o ano pero en épocas como verán, Nadal, antroido, etc... podemos ser uns 30.

-Actividades que ofrecen.

-Se dividen en varios bloques: actividades educativas, actividades teatrais e musicais, medio ambiente e animación, ocio e tempo libre. Traballamos con administración pública, colexios e empresas privadas. Ofertamos actividades para todos os sectores: nenos, xóvenes, adultos, terceira idade. Pero en Galicia os de máis demanda son nenos e xuventude. Aínda falta que chegue o bum da terceira idade.

-¿Que está agora máis de moda?

-O que traballamos agora moito e cremos que estamos xusto no momento adecuado é a utilización do teatro e da música como camiño para tratar temas sociais, educación en valores, na saúde... Chegas a eles non como educador, eres un personaxe.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.